

**APARCADOIROS DISUASORIOS PARA O FOMENTO
DO VEHÍCULO COMPARTIDO ASOCIADOS A
IMPLANTACIÓN DE ZONAS DE BAIXA EMISIÓN
NAS CIDADES GALEGAS. AG-4.1 (RIBADUMIA)**

CLAVE: PO/22/117.06.2

1. Obxecto da Actuación

As obras incluídas neste proxecto teñen por obxecto a execución dun aparcadoiro disuasorio en itinerario, localizado na entorna do P.Q. 9+000 da autovía do Salnés (AG-4.1) en Barrantes, e adxacente a marxe dereita da estrada provincial EP-9405, no concello de Ribadumia (Pontevedra); co fin de fomentar o uso compartido de vehículos para viaxes pendulares entre a zona do Salnés e as áreas metropolitanas de Pontevedra, Vigo e Santiago de Compostela e deste xeito contribuír á implantación de zonas de baixas emisións.

2. Plan de Estradas

A estrada AG-4.1, pertence a rede estruturante das autovías da Xunta de Galicia.

3. Descrición da Actuación

As obras consistirán na construción dun aparcadoiro tipo carpool, sobre unha explanada adxacente á estrada EP-9405 e bordeada polo rego de San Martiño, xa dedicada a estacionamento de vehículos. Terá unha capacidade de 77 prazas, todas en batería, con dúas prazas reservadas para persoas con mobilidade reducida (PMR) e 3 puntos de recarga para vehículos eléctricos. Destas prazas, 26 disporanse nunha illa central que se rodeará dunha franxa perimetral para tránsito peonil de 1,80 m e carrís de circulación que serán de 4,20 m de ancho e de sentido único. O resto das prazas dispoñeranse nos bordos da estrada e do leito do río separadas de estes por unha beirarrúa de 2,50 m de ancho. Polo perímetro exterior do aparcadoiro e na illa central disporase unha franxa verde de 1,30 metros de ancho na que irá arborado e o alumeado. Para o acceso ao aparcadoiro e necesario acondicionar o vial de acceso existente reforzando o firme en todo o ancho da plataforma, elevando o paso de peóns existente e executando un paso de peóns novo. Ademais será necesario dispoñer de 80 m de varanda para protexer a caída ao leito do río San Martiño e 52 m de valado para illar a finca colindante.

4. Características técnicas

Superficie construída: 2.815 m²

Sección tipo.

- Aparcadoiro: en batería 2,50 x 5,00 m (agás as PMRs que serán de 4,00 x 5,00 m).
- Senda: de ancho variable mínimo 1,80 m con elevación respecto a rasante da calzada é de 10 cm.
- Viais interiores: de sentido único cun ancho mínimo de 4,20 m.

Firmes e pavimentos:

- Explanada: colocaranse 20 cms de saburra artificial e sobre esta unha capa de rodadura formada por 20 cm de formigón HF-4,0 desactivado con mallazo 15x15x8.
- Estrada EP-9405: fresado de 6 cm de capa de rodadura e reposición con MBQ AC 16 surf 50/70 D. No paso de peóns sobreelevado, despois do fresado de 6 cm, executarase unha capa intermedia con 10 cm AC22 bin 50/70 S e unha capa de rodaxe de 6 cm MBQ AC 16 surf 50/70 D.

Drenaxe

As pluviais do aparcadoiro verterán ao rego de San Martiño e serán necesarios 16 sumidoiros conectados a 7 pozos mediante tubaxe PVC Ø 200 nun colector de PVC Ø400. As pluviais da estrada conectarase á rede existente na vía de acceso con 4 sumidoiros e 5 pozos.

Alumeado

Instalaranse 9 luminarias de 76 W na contorna do aparcadoiro e 1 de 144 W na contorna do paso de peóns na estrada EP-9405 e un CCTV con 6 cámaras.

5. Poboación Servida

Ribadumia 5.193 hab.

TOTAL: 5.193 hab.

6. Concellos Afectados

Ribadumia

7. Expropiacións

Parcelas afectadas: 1 (3,763 m²), no concello de Ribadumia.

Expropiación Terreos:	60.847,53 €
Bens afectados:	3.025,41 €
Premio de afección 5% :	3.193,65 €
Total	67.066,59 €

8. Prazo de execución

O prazo de execución das obras previsto é de CINCO (5) meses.

9. Orzamentos

Orzamento Base de Licitación (c/IVE):	477.261,98 €
Orzamento expropiacións	67.066,59 €
Orzamento para coñecemento da administración:	544.328,57 €


10. Orzamentos por concello

<u>Concello</u>	<u>Orzamento</u>	<u>%</u>
Ribadumia	544.328,57 €	100


PLANO DE SITUACIÓN



SECCIONES TIPO



SECCIÓN VIAL B
e: 1/100



PLANTA

